



**BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN DO PLENO DO CONCELLO DE SALCEDA DE CASELAS (PONTEVEDRA), Nº 4/2015 (MANDATO 2015-2019), DE CARÁCTER EXTRAORDINARIO, CELEBRADA O 14 DE AGOSTO DE 2015.**

En Salceda de Caselas, a 14 de agosto de 2015

**ASISTENTES**

**Presidente**

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS)

**Concelleiros/as**

**Grupo municipal do Partido Popular**

GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, Mirian (PP)  
GONZÁLEZ SOUTO, Primitivo (PP)

NÚÑEZ TRONCOSO, Joaquín (PP)

RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP)  
VALCÁRCEL BERNÁRDEZ, Ángela (PP)

**Grupo municipal de Movemento Salceda**

PÉREZ PÉREZ, Carla María (MS)  
CASTIÑEIRA ALÉN, María Dolores (MS)  
GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, José Luis (MS)  
LORENZO GONZÁLEZ, Cándido (MS)  
PÉREZ GONZÁLEZ, María Teresa (MS)

**Grupo municipal do PSdeG-PSOE**

TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE)

LEDO SOUTO, Ángela (PsdeG-PSOE) -tomou posesión prometendo o cargo de concelleira ás 9:20 horas-

**Interventor do Concello**

NON ASISTE de inicio pero comparece ás 9:32 horas

**Secretario do Concello**

Carlos López Quintáns

**HORA DE INICIO:** 09:05

**HORA DE REMATE:** 9:43

Na Sala de sesións do Concello, sendo as 09:05 horas, tras convocatoria efectuada polo Señor Alcalde mediante decreto nº 328/2015 de 11 de agosto de 2015, reúnen-se en sesión extraordinaria, e en primeira convocatoria, os/as señores/as corporativos/as expresados/as con anterioridade, baixo a presidencia do Señor Alcalde, Marcos David Besada Pérez, quen procede a abrir o acto, unha vez comprobada polo Secretario a existencia do quórum necesario para a válida constitución do órgano, para deliberar, no seu caso, e adoptar os correspondentes acordos sobre os asuntos incluídos na seguinte





## ORDE DO DÍA

- 1.- Aprobación de actas de sesións anteriores ( acta da sesión nº 1/2015 de 13 de xuño, acta da sesión nº 2/2015 de 2 de xullo e acta da sesión nº 3/2015 de 13 de xullo).
- 2.- Dación de conta do escrito de renuncia a súa condición de concelleiro presentado por Cándido Lorenzo González.
- 3.- Toma de posesión da nova concelleira da Corporación Dna. Ángela Ledo Souto.
- 4.- Proposta de aprobación de recoñecemento extraxudicial de créditos nº 3/2015.



### INICIO DA SESIÓN

O sr. Alcalde, Besada Pérez, dalle a benvinda a todos e expón os motivos polos cales se convoca o pleno en sesión extraordinaria: nova toma de posesión de concelleira, cese de concelleiro e recoñecemento extraxudicial de créditos.

#### **1.- APROBACIÓN DE ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES ( ACTA DA SESIÓN Nº 1/2015 DE 13 DE XUÑO, ACTA DA SESIÓN Nº 2/2015 DE 2 DE XULLO E ACTA DA SESIÓN Nº 3/2015 DE 13 DE XULLO).**

Conforme ao preceptuado no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF, en diante) o Señor Presidente pregunta se algún/nha membro do Pleno desexa formular algunha observación ás actas das sesións nº 1/2015 de 13 de xuño, acta da sesión nº 2/2015 de 2 de xullo e acta da sesión nº 3/2015 de 13 de xullo

A sra. Tourón Domínguez di que na acta da sesión nº 2/2015, na páxina 12, no terceiro parágrafo, ao final na súa exposición dixo 1.600 euros e non 1.800 euros.

Non existindo máis observacións, sométese a votación a acta da sesión nº 1/2015, de 13 de xuño, e é aprobada por DOCE VOTOS a favor dos/as sres./as concelleiros/as DO GRUPO MUNICIPAL DE MOVEMENTO SALCEDA, GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE e GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR.

Sométese a votación a acta da sesión nº 2/2015, de 2 de xullo, coa rectificación proposta pola sra. concelleira TOURÓN DOMÍNGUEZ, e é aprobada por DOCE VOTOS a favor dos/as sres./as concelleiros/as DO GRUPO MUNICIPAL DE MOVEMENTO SALCEDA, GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE e GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR.

Sométese a votación a acta da sesión nº 3/2015, de 13 de xullo, e é aprobada por DOCE VOTOS a favor dos/as sres./as concelleiros/as DO GRUPO MUNICIPAL DE MOVEMENTO SALCEDA, GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE e GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR.





## 2.- DACIÓN DE CONTA DO ESCRITO DE RENUNCIA A SÚA CONDICIÓ DE CONCELEIRO PRESENTADO POR CÁNDIDO LORENZO GONZÁLEZ.

O sr. **Besada Pérez, Alcalde-Presidente**, dá lectura do escrito de renuncia presentado o 10 de agosto 2015 (registro de entrada nº 4748) polo sr. Cándido Lorenzo González. De seguido dalle a palabra ao sr. Lorenzo González.

O sr. **Lorenzo González, concelleiro do Grupo Municipal de Movemento Salceda**, explica que por motivos persoais e laborais deixa o cargo, que pensa que aportou o seu grao de area ao proceso de cambio de Salceda iniciado en 2007. Di que se vai orgulloso de traballar para unha nova Salceda e de traballar en obras e proxectos. Dá a máxima gratitude aos veciños e veciñas e aos seus compañeiros de partido. Dexésalles que sigan adiante con éxito co proxecto que foi avalado pola maioría do pobo de Salceda, e sempre a través do diálogo e sen rencor e revanchismos. Pide desculpas por posibles erros que poidera cometer e dá as grazas.

O sr. **Besada Pérez** di que está emocionado por compartir tantas cousas, dende o ano 95 compartindo proxecto. Dalle o eterno agradecemento a Cándido por ter unha adicación plena a pesar da situación laboral e sen contar con adicacións exclusivas ou parciais. Sinala que o Pleno e Salceda saben que cando atraquen en porto sempre encontrarán a Cándido botando unha man no que sexa posible. Agradécelle o seu traballo.

O sr. **Rodríguez Davila, voceiro do Grupo Municipal Popular**, deséxalle o mellor en nome do seu Grupo recoñécelle algúns afectos que tivo e elo sen prexuízo de que poidese ter erros coma ser humano que é. Deséxalle sorte.

A sra. **Tourón Domínguez, voceira do Grupo Municipal do PsdeG-PSOE**, agradécelle o traballo que realizou na Corporación nos últimos 8 anos, di que compartiron cousas boas e outras non tanto. Pide que a persoa que o substitúa non visite aos simpatizantes socialistas para recriminarlle as súas actitudes no Pleno como pasou despois do último pleno. Deséxalle moita sorte.

O sr. **González Rodríguez, voceiro de Movento Salceda**, a título persoal agradécelle os seus consellos como home experto na vida política, e en nome de Movemento Salceda agradécelle o seu labor desinteresado e sempre traendo as ideas e proxectos que os veciños lle transmitían, coa idea de levarlos a bo porto.

O sr. **Besada Pérez** manifesta que tamén presentaron renuncia Fortunato, Emma e Lucía, e fai referencia ás datas dos escritos de renuncia. Di que a credencial será para Miguel González que será a persoa que substitúa ao sr. Lorenzo González.

Dada conta da renuncia presentada polo sr. Lorenzo González, sendo as 9:17 horas o sr. Cándido Lorenzo González abandona o seu asento coma concelleiro da Corporación Municipal.



## 3.- TOMA DE POSESIÓN DA NOVA CONCELEIRA DA CORPORACIÓN DÑA. ÁNGELA LEDO SOUTO.

O sr. **Besada Pérez** explica que tras a renuncia do sr. Rodrigo, a seguinte da lista era Ángela Ledo Souto. O sr. Alcalde dá lectura da credencial expedida pola Xunta Electoral de Zona de Tui en favor de Dña. Ángela Ledo Souto, elixida pola candidatura presentada polo PSDeG-PSOE nas pasadas eleccións municipais.

O sr. Besada Pérez di que tal como lle apunta o Secretario, a sra. Ledo Souto presentou o DNI, declaracións de bens e actividades, credencial, e escrito de adscripción ao Grupo Municipal Socialista.

De seguido o sr. **Secretario** tómmalle xuramento ou promesa do seu cargo á sra. Ledo Souto de conformidade coa fórmula legal, e pregúntalle o seguinte:





*"D<sup>a</sup> ÁNGELA LEDO SOUTO ¿XURADES OU PROMETEDES POLA VOSA CONCIENCIA E HONRA CUMPRIR FIELMENTE AS OBRIGAS DO CARGO DE CONCELEIRA DO CONCELLO DE SALCEDA DE CASELAS CON LEALDADE AO REI, E GARDAR E FACER GARDAR A CONSTITUCIÓN COMA NORMA FUNDAMENTAL DO ESTADO?"*

A sra. Ledo Souto PROMETE O CARGO DE CONCELEIRA e toma posesión do mesmo sendo as 9:20 horas.

O sr. Besada Pérez, Alcalde-Presidente, dalle a benvida e dille que é unha honra representar aos veciños e defender os seus intereses públicos.

O sr. Rodríguez Davila, voceiro do Grupo Municipal Popular, dalle a benvida e deséxalle sorte nas decisións e no labor de concelleira. Dille que como sinala o Alcalde, lle quedaría a espiña de non poder defender os intereses dos veciños no último pleno, e que o sr. Alcalde non lle permitiu exercer ese voto.

A sra. Tourón Domínguez, voceira do Grupo Municipal Socialista, dalle a benvida e dille que sabe que desenvolverá o traballo con honestidade e preocupación polos veciños. Di que no pleno anterior o sr. Alcalde lle dixo que tiña que limpar a súa casa antes de falar por mor da dimisión dun concelleiro, cando agora acaban de dimitir tres da lista de Movemento Salceda e non lle corresponde dicir nada. Repróchalle ao sr. Alcalde que a veces se fale demasiado.

O sr. Besada Pérez di que seguirán coa elegancia que os caracteriza.

O sr. González Rodríguez, voceiro do Grupo Municipal de Movemento Salceda, dalle a benvida e deséxalle que o seu paso pola Corporación sexa o mellor para o interese dos veciños.

A sra. Ledo Souto dalle as grazas a todos/as.



#### 4.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS Nº 3/2015.

O sr. Besada Pérez, Alcalde-Presidente, dalle a palabra ao sr. González Rodríguez.

O sr. González Rodríguez, voceiro do Grupo Municipal de Movemento Salceda, explica que se trata de gastos de suministros e prestacións de servizos que son considerados necesarios e indispensables para o desenvolvementos dos servizos municipais e que non puideron ser tramitados e aplicados con cargo ao orzamento de 2014; e o motivo foi porque tiveron entrada as facturas no ano 2015 a pesar de ser realizadas as prestacións no 2014. Di que o Concello está obrigado a facer fronte a esos gastos e a fórmula é o recoñecemento extraxudicial co obxecto de evitar o enriquecemento inxusto da administración. Sinala que a aprobación do recoñecemento extraxudicial é competencia do pleno. Di que se compón de 93 facturas que ascenden a 69.200 euros.

O sr. Núñez Troncoso, concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular, pide desculpas aos presentes pola súa voz. Di que antes de iniciar o punto quería preguntarlle ao sr. Secretario si lle podía aclarar respecto da dispoñibilidade de crédito derivado dunha retención de crédito, como indica o informe do interventor municipal; e pregunta si non debería estar no expediente porque non saben que partidas nin que importes se están retendo.

O sr. Secretario indica que non lles pode aclarar moito porque os expedientes de intervención os elabora intervención. Di que si o expediente fose de Secretaría llo explicaría.





O sr. Núñez Troncoso di que entenden que o expediente está incompleto e que por iso solicitan a retirada deste punto no pleno.

O sr. Besada Pérez di que chamarán ao Interventor para que llo aclare.

-Sendo as 9:29 horas o sr. Alcalde pide que chamen ao sr. Interventor para que acuda ao Salón de Plenos-.

O sr. Núñez Troncoso di que a cuestión e si esa información ten que estar ou non, porque existe unha información que descoñecen.

O sr. González Rodríguez dille que nas Comisións Informativas non dixeron nada ao respecto e era donde o tiñan que dicir.

O sr. Besada Pérez di que hai unha serie de facturas de provedores e que se fixeron eses gastos, polo que evidentemente lle teñen que pagar. Pregunta que importancia ten que non esté iso no expediente.

-Sendo as 9:33 horas comparece no Salón de Sesións do Pleno o sr. Interventor, D. Raúl Vila Rodríguez.

O sr. Besada Pérez explícalle ao sr. Interventor o que está planteando o Grupo Municipal Popular.

O sr. Núñez Troncoso reitera que consideran que o expediente está incompleto porque non figura sobre que partidas e importe fixeron as retencións ás que se fai referencia no expediente.

O sr. Interventor explica que a liberación de crédito non é por si unha modificación orzamentaria, simplemente xestión do orzamento, e que se buscaba dotar orzamentariamente a bolsa de crédito. Di que se liberaron as retencións pero que de memoria non as lembra e dilles que podían plantear a pregunta na Comisión de Facenda que é o lugar normal donde plantear isto. Explica que unha retención de crédito pertence a SOGAMA, outra de asistencias de concelleiros que tiña unha dotación de 30.000 euros e que se falou co concelleiro de facenda sobre a posibilidade de liberar créditos.

O sr. Besada Pérez di que en resumidas contas son SOGAMA e as asistencias dos concelleiros que se eliminaron no pleno anterior.

O sr. Núñez Troncoso agrádecelle as explicacións ao sr. Interventor. Insiste en que consideran que é un documento que debería estar no expediente e que por iso piden a retirada do punto.

O sr. González Rodríguez di que non é obrigatorio que estivese no expediente.

O sr. Interventor di que seguramente debería constar si con elo se proporcionaba unha mellor información e pide desculpas.

O sr. Besada Pérez pregúntalle ao sr. Secretario si procede votar a retirada do punto.

O sr. Secretario dille que lles corresponde aos concelleiros valorar iso.

O sr. Besada Pérez di que as explicacións están dadas e semella aclarado. Di que o problema foi unha cuestión técnica, non política. Di que é un tema menor e están prexudicando os intereses destas empresas que queren cobrar. Di que é un detalle técnico.

O sr. Núñez Troncoso di que non pode trasladarlles esa responsabilidade porque existiu unha mala xestión do goberno con estas facturas sen pagar despois de tanto tempo.

O sr. Besada Pérez considera que hai información suficiente para tomar unha decisión política, e que pensa que o sr. Núñez Troncoso ten a información suficiente para tomar unha decisión.





O sr. Núñez Troncoso preguntalle si sabe o importe da retención.

O sr. Besada Pérez responde que non o sabe pero que o informe fala claramente do que ten que falar.

O sr. González Rodríguez dille que traerán este punto no pleno ordinario dentro de 15 días, e que si o motivo era que descoñecían de donde viña, está aclarado. Manifesta que retrasarán os pagos destas facturas do ano pasado en prexuízo dos provedores.

O sr. Núñez Troncoso di que se aprazará o punto 15 días pero que a responsabilidade do goberno é que se aprazaron facturas 8 meses.

O sr. González Rodríguez dille que eso non é así, que houbo facturas que entraron en xuño.

O sr. Besada Pérez preguntalle ao sr. Núñez Troncoso si está a xogar.

De conformidade co artigo 92.1 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamiento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, con sete votos a favor dos/as sres./as concelleiros/as dos Grupos Municipais do Partido Popular e do PsdeG-PSOE; e cinco votos en contra dos sres./as concelleiros/as do Grupo Municipal de Movemento Salceda acórdase retirar da orde do día o expediente relativo ao recoñecemento extraxudicial de créditos 3/2015, cuxa proposta de acordo era a seguinte:

#### **"PROPOSTA DE APROBACIÓN DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS**

*D. Marcos D. Besada Pérez, Alcalde- Presidente do Concello de Salceda de Caselas, no exercicio das facultades que me atribúe a lexislación vixente, propoño ao Pleno a adopción do seguinte Acordo:*

*Ante a existencia de gastos realizados durante o exercicio 2014 ou anteriores para os que non había dotación orzamentaria, polo que non puideron ser tramitadas con cargo ao orzamento correspondente, segundo o detalle do anexo que se achega coa providencia desta alcaldía de data 17 de xullo de 2015 e vista a necesidade de recoñecer extraxudicialmente estes créditos.*

*Sendo xeneralizada a consideración de que, entre as diversas administracións que integran o sector público, é a administración local a máis cercana aos cidadáns e, por conseguinte, aquela á que dirixen en primeiro lugar as súas pretensións.*

*Dentro dos principios enunciados no artigo 103 da CE que rexen a actividade das administracións públicas, a administración local debe procurar axustar a súa situación á axilidade e eficacia que demandan os cidadáns. É por iso que, en ocasións e para dar resposta aos veciños, a actuación administrativa non se axusta estritamente ao, por outra parte, rixido procedemento legal.*

*Leváronse a cabo, neste sentido nos exercicios anteriores, determinados gastos sen consignación orzamentaria correspondentes a subministros de bens e prestacións de servizos, todos eles necesarios e indispensables para o normal desenvolvemento dos distintos servizos municipais e a prestación dos servizos xestionados por este Concello, así como gastos de inversión, e que non puideron ser tramitadas e aplicadas a cargo dos respectivos orzamentos*

*Ainda levados sen contar con crédito orzamentario adecuado e suficiente, o Concello está obrigado ao pago dos citados gastos, previa imputación dos mesmos ao presuposto municipal. O propio lexislador consciente da existencia de estas actuacións "irregulares" pero en calquera caso necesarias para a prestación de servizos indispensables, contempla a imputación dos citados gastos ao presuposto corrente, imputación nun primeiro momento prohibida por o principio de anualidade orzamentaria, mediante a tramitación de un expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos.*





Considerando necesario e obrigado atender os gastos incorridos para evitar o prexuízo de terceiros contratantes coa administración e o correlativo enriquecemento inxusto ou sen causa de ésta; considerando igualmente que a imputación dos gastos no exercicio corrente, visto o estado actual de execución presupostaria, non causará prexuízo á atención das necesidades do exercicio corrente; considerando a efectiva prestación dos servizos e subministres de bens por parte dos terceiros acredores, constando factura acreditativa de cada un dos gastos debidamente conformada polos responsables dos distintos órganos xestores do gasto.

Visto o informe de Intervención número RVR 36/2015 de data 17 de xullo de 2015, onde consta que en aplicación do artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, o recoñecemento de obrigacións correspondentes a exercicios anteriores que, por calquera causa, non o foron naquel ao que correspondían, é competencia do Pleno da Corporación.

En atención ao exposto, propoño ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte **Acordo**:

**PRIMEIRO.** O levantamento do reparo formulado pola Intervención municipal no seu informe RVR 36/2015 de 06 de agosto.

**SEGUNDO.** Aprobar o recoñecemento de créditos 3/2015 cuxos gastos se detallan como anexo, segundo o seguinte detalle:

- a) Facturas e gastos do exercicio 2014 para as que non existía crédito orzamentario: Proposta de aprobación de gastos mediante REC 3/2015 (Facturas da conta 413).

O importe total da relación de facturas incluídas na proposta REC 3/2015 que se propón para a súa aprobación, facturas todas elas conformadas polos/as concelleiros/as de cada área, ascende a 69.246,90€.

A relación comeza pola factura nº 58-2014 de 14/12/2014 de GUILLERMO FERNÁNDEZ MUÍÑOS, CIF 34878680P, por importe de 309,76€, e remata pola factura nº 15/00009 de data 21/01/2015 de TALLERES OLI-MAR SL, NIF: B36430015, por importe de 101,64€. (Adxunta a esta providencia anexo coa relación de facturas para REC 3/15)

**TERCEIRO.** Aplicar, con cargo ao Orzamento do exercicio 2015, prorrogado do 2014, os correspondentes créditos con cargo ás partidas indicadas anteriormente e as que se detallan nos anexos mencionados anteriormente."

Non habendo máis temas que tratar, ás nove horas e corenta e tres minutos, o Señor Alcalde levanta a sesión, da que estendo a presente acta (que consta de sete páxinas numeradas do un ao sete, e por min asinadas e seladas co carimbo do Concello, impresas en papel timbrado da Corporación até a súa elevación ao correspondente libro), que asina o Señor Alcalde, do que, coma Secretario do Concello, dou fe.

O ALCALDE

Marcos David Besada Pérez

O SECRETARIO DO CONCELLO

Carlos López Quintáns

